

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE DECEMBRO DE 2014.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZAS DE OBRAS.

1.1.- Acordouse **CONCEDER** licenza de obra para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Lagazós da parroquia de Lalín de Arriba e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 16/12/14 por importe de 2.685 euros en concepto de ICIO.

2.- ACORDOS DE EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

2.1.- Acordouse a **eficacia da comunicación previa** para execución de obras



Secretaría Xeral
menores de peche provisional de solar na Avda. Buenos Aires, 63 e Travesía P, 6, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de ICIO por 96 euros de data 19/12/14. Consta no expediente o ingreso na Tesourería Municipal polo mesmo concepto e importe.

2.2.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA** para o peche de parcela sita no lugar de Lamas, parroquia de Noceda, de Lalín, e aproboase a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de ICIO por importe de 163,05 € de data 19/12/14. Consta no expediente o ingreso na Tesourería municipal polo mesmo concepto e importe.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PLAN PARCIAL SUE-4.

3.1.- Acordouse aprobar inicialmente o expediente de modificación do Plan Parcial SUE 4 “Estrada de Lugo”, solicitar á Comisión Superior de Galicia o informe previo preceptivo establecido no art. 94.4 da LOUGA, someter o antedito expediente á información pública durante o prazo dun mes, segundo o establecido no art. 86 1.a) da LOUGA, recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, segundo o establecido no art. 86 1 b) da LOUGA e notificar individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados, segundo o establecido no art. 86 1.a) da LOUGA.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse iniciar o expediente denominado **BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA XLVIIª FEIRA DO COCIDO (BC032014)**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento de licitación de 12,07 € m/l para os postos relacionados co uso comercial e de 18,45 € m/l para os postos relacionados con bares e similares.

4.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SERVICIO DE IMPARTICIÓN DE CLASES DE BALLET PARA O CONCELLO DE LALÍN” (CSE152014)** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con importe máximo de licitación de 20,80 €/hora e un prazo máximo de execución de 1 ano prorrogable por outro ano máis.



5.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

5.1.- Acordouse **aprobar o Convenio de colaboración** entre o Concello de Lalín e Xabier Belho Cortizo para a realización do proxecto “*Crisis What Crisis: a Journey Trough Optimistics Answer*”, asumindo as obrigas e compromisos que nel constan e facultar ó Sr. Alcalde ou a Concelleira Delegada de Cultura para a súa sinatura.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **446.872,40 €**.

7.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

Visto o informe favorable emitido para o efecto, pola Intervención municipal, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou aprobar as seguintes certificacións de obra:**


7.1.- Acordouse **aprobar a certificación de obra núm. 2** da obra “**PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZÁN E OUTROS**” (Infraestruturas municipais 2014 -PUSIM 2014), cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **42.973,55 €**.

7.2.- Acordouse **aprobar a de obra núm. 1 e final** das obras de “**REPARACIÓN VARIAS NO EDIFICIO MULTIUSOS DO LALIN ARENA, LALIN**” cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **44.771,03 € e a acta de recepción**.

7.3.- Acordouse aprobar o expediente de anticipo a conta dos materiais existentes na obra e a certificación núm. 1, para a obra “**REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALIN**” (CO042014), e cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **160.203,19 €**.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse estimar a reclamación formulada por interesado aceptando de plano a renuncia á licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno local en sesión do 15



Secretaría Xeral
de abril de 2008 para a construción dun edificio composto de trece vivendas, garaxes, trasteiros e local comercial, na Avda. Buenos Aires, núm. 63-Travesía “P”, núm. 6, de Lalín, e proceder á devolución de 19.435,53 € abonados en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

8.2.- Acordouse realizar a **alta** na taxa por entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase para baixo emprazado na Avda. da Estación núm. 12 Baixo.

8.3.- Acordouse aprobar unha axuda de desprazamento de 3,00 euros/día, abonable aos usuarios do programa integrado que participen nas prácticas non laborais en empresas programadas, con efectos dende o mes de decembro de 2014.

8.4.- Acordouse aprobar a prórroga dos contratos das titoras de inserción laboral contratadas para o desenvolvemento das accións do programa integrado para o emprego “Emprende Lalín”, ata o 30 de abril de 2015, con cargo a subvención aprobada.

8.5.- Acordouse aprobar a concesión de varias axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.

8.6.- Acordouse aprobar a aplicación das tarifas correspondentes á Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial, así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social.

8.7.- Acordouse aprobar a ADENDA ó ACORDO DE RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA E EXPLOTACIÓN DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO MULTIUSOS DE LALÍN de data 19 de setembro de 2013, que se adxunta, autorizando á Alcaldía para a súa sinatura, e facultando á Xunta de Goberno Local para a adopción de cantos acordos fosen precisos para a súa execución.

8.8.- Acordouse acollerse á *ORDE do 24 de novembro de 2014 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2015, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia e solicitar a*



Secretaría Xeral

subvención por importe de 117.590,94 euros para desenvolver o proxecto denominado *“Melloras senda peonil río Pontiñas”* e a dirección de ditas obras, aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma e aprobar o proxecto de obra.

8.9.- Acordouse conceder un posto e aprobar a alta e liquidación para o exercicio 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

8.10.- Acordouse conceder varios postos e aprobación da alta e liquidación para o exercicio 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Dáse conta do escrito presentado por **COMPROMISO POR GALICIA (C x G)**, no que solicitan autorización municipal para levar a cabo unha enquisa de contido económico-social a pé de rúa e con megafonía, que tería lugar as 13:40 minutos do vindeiro día 4 de xaneiro de 2015 nas proximidades da rúa Luís González Taboada de Lalín e acordouse **acceder ao solicitado.**

9.2.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2014, no punto 4.1. convenios administrativos e acordouse corrixir o mesmo.

=====

